

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2013. NÚM. 1 /2013.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ IGLESIAS GARCÍA (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 2
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 3
3.-Expediente relativo ao convenio para a recollida de animais de compañía abandonados.....	páx.5
4.- Expediente do Regulamento do uso das instalacións das Piscinas Municipais do Concello.....	páx.7
5.- Moción do PSdeG-PSOE.	
5.1. Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia da Alcaldía en relación aos afectados polas preferentes	páx. 8
5.2. Moción do PSdeG-PSOE relativa á publicación de soldos e ingresos dos membros da Corporación	páx. 9
5.3. Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia da Alcaldía pola baixa da poboación en Lalín	páx. 11
6.- Rogos e Preguntas.....	páx. 12

=====

Sendo as dez horas do día 28 de xaneiro de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 27 de decembro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do día 27 de decembro de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE RELATIVO Á SINATURA DUN CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS .

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* leo o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de xaneiro de 2013.

Polo grupo de goberno o edil Delegado de Medio Ambiente, *D. Manuel Fernández López* indicou que o expediente xa se debateu na sesión da comisión informativa. Tratábase de acollerse á prestación dun novo servizo que o organismo provincial quería prestar aos concellos menores de cincuenta mil habitantes, o de canceira provincial de cans abandonados. Lalín pretendía acollerse ao mesmo.

Polo PSdeG-PSOE, *D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez* adiantou que tiña que clarear previamente dous aspectos. En primeiro lugar, se tal e como se dicía se ían recoller os cans soltos ou abandonados lembrado que segundo o obxecto do convenio e o artigo que se refería aos animais abandonados estes son os que no prazo de vinte días desde a súa captura non se reclamasen. Entendía que visto así, do texto do convenio desprendíase que habería que recoller o can, telo en Lalín vinte días, e despois os operarios da Deputación levaríano á canceira; en segundo lugar, non estaba de acordo no tema económico do custo do servizo. En principio partíase do prezo de 0,30 céntimos por habitante e ano, pero co funcionamento do servizo se verá o que custará realmente este servizo. Preguntou a este respecto por outras alternativas que no seu día se barallaron aquí, como era

crear unha canceira comarcal que ía prestar a Mancomunidade de Deza, pero que ao final non se debateu.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que o convenio a asinar estaba pensado pola Deputación de Pontevedra. Había un vello edificio no Concello de Meis, e aproveitando estas instalacións que habería que acondicionar, instalárase alí a canceira. Esta instalación estaba inicialmente pensada para os concellos de menos de cincuenta mil habitantes, en total uns trinta ou corenta concellos da provincia. Para elo habería que pactar o método a seguir para cazar aos cans e logo levalos, cando tiñan que vir e outros aspectos. En principio parecíalle que sería estúpido rexeitar esta opción, xa que era moi barata para o Concellos. Os laceiros virán, collerán os cans e levaranos á canceira. Este traballo inicialmente prestarase pola empresa estatal TRAGSA.

Vía na oposición en xeral unha actitude negativa coas iniciativas do grupo de goberno. O servizo de canceira non era unha proposta negativa, senón un bo servizo para todos.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que os animais se collerían e unha vez depositados, logo de vinte días, pasarían a ser propiedade da canceira provincial. Pediu apoio á oposición para esta iniciativa novidosa que trataba de solucionar un problema importante aos Concellos. Agora durante o primeiro ano ese sería o custo do servizo, logo xa se verá o que custe realmente, pero agora había que esperar e ver o resultado deste inicio.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** salientou que votarían negativamente a proposta por varias razóns. En primeiro lugar polo papel que actualmente desempeñan as deputacións provinciais. O seu partido político avogaba pola supresión das mesmas, e unha vía para conseguir isto era non darlles funcións, ou cada vez menos, para que non teñan razón de ser; a segunda razón era de tipo práctica. A canceira en Meis estaba moi lonxe, e o traslado ocasionaría moitos gastos de transporte, tempo e persoal. Por último indicou que o seu grupo defendía unha canceira comarcal e non provincial, lembrando que había institucións como a Mancomunidade que podían prestar este servizo.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** afirmou que a problemática existía sobre este tema. Votaría si á proposta. Coidaba que existían necesidades de servizo e había que apoiar a iniciativa; logo, se se presentasen fallos iniciais, habería que corrixilos e buscar o consenso para atopar solucións.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, reiterando que estaban inmersos neste servizo. O Concello de Meis contaba cunhas infraestruturas a medio facer e por iso resultou elixido.

Ao mellor unha canceira comarcal sería máis beneficiosa, pero en prezo resultaba prohibitiva; hoxe había que optimizar os recursos en todo. Coidaba que non era un razoamento válido avogar por suprimir os organismos provinciais, porque na Deputación Provincial os corporativos do BNG votaron a favor do servizo, ao igual que pasou co lixo. Neste expediente tratábase de aproveitar o que había, e o organismo provincial estaba aí e funcionaba. Pola contra coidaba que o PSOE no organismo provincial, *“estaba no monte, coma en todo”*, dixo. O custo sería elevado porque necesitaría funcionar 24 horas e cun mínimo de cinco persoas, dúas por quendas de doce horas e unha para fins de semanas, baixas e vacacións.

Houbo, de seguido, un debate entre o **Sr. Alcalde-Presidente** e o voceiro socialista **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**. O primeiro pediu comprensión para poñer en marcha este servizo e esperar un ano a ver como foi o resultado, porque seguramente, pasado este tempo, haberá menos cans nas rúas, reducíndose o traballo a realizar e custará menos. Agora tras a tempada de caza había moitos abandonados; o segundo insistiu en que o texto do convenio era incorrecto e non debía poñer “cans abandonados”, senón en todo caso soltos, ou ben seguir os pasos para recoller os cans e que

logo, tras o prazo legal, se consideren abandonados. Desconfiaba tamén do custo real do servizo previsto inicialmente.

Tamén **D. Xesús Cordeiro Budiño** insistiu en votar que non á proposta, destacando que se os membros da formación nacionalista no organismo provincial votaron afirmativamente, estaban equivocados e non ían na defensa dos postulados da dita formación.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15), sendo catorce (14) do PP e (1) do PGD.

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **aprobose** a proposta do Sr. Concelleiro delegado de Medioambiente, do seguinte tenor:

O Pleno da Deputación Provincial na sesión celebrada o día 27 de xullo de 2012 aprobou o ***Convenio marco de colaboración a subscribir entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados.***

A Lei 1/1993, do 13 de abril, de *Protección de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia* atribúelles aos Concellos a competencia en materia de recollida de animais abandonados. Xa que logo, para a adhesión ao citado convenio é necesaria unha delegación de competencias municipais cara a Deputación, que permitirá que este órgano exerza as competencias do Concello na materia, sen que este feito supoña a alteración do sistema de distribución de competencias.

O Pleno da Corporación ACORDOU:

Primeiro.- Adherirse ao CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O ESTABLECEMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS.

Segundo.- Delegar na Deputación Provincial as competencias que se recollen na cláusula terceira, 1 a) do citado convenio, nos seguintes termos:

a) *A delegación a favor da Deputación de Pontevedra das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de animais de compañía abandonados, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas. Exceptúanse desa delegación os poderes de policía e de carácter sancionador que o ordenamento xurídico lles atribúe e que seguirán conservando os concellos. As competencias delegadas exerceranse na totalidade do territorio dos concellos delegantes. A delegación de competencias terá plenos efectos desde a adxudicación da prestación do servizo por parte da Deputación e estenderase ata a finalización do período contractual establecido para o mesmo.*

Terceiro.- Comprometerse a realizar as achegas económicas que, como contraprestación, lle correspondan ao Concello de Lalín.

4.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DO USO DAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN.

A **Presidencia** deu conta deste expediente. De seguido o Sr. Secretario leo o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de xaneiro de 2013.

Expoñendo a proposta, o edil de Deportes e Xuventude, **D. José Domínguez Caballero** explicou o contido do regulamento, ferramenta esta que resultaba necesaria para o funcionamento da piscina municipal, unha vez corrixidos os erros que tiña o borrador e vistos xa na sesión da comisión informativa.

Por parte do grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** vía de interese contar cunha norma que regule o funcionamento destas instalacións e que recolla os dereitos e obrigas dos usuarios.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** vía positiva esta norma.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** estaba a favor de contar con este regulamento.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinte e un (21) concelleiros, que inclúe catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobase a proposta e adoptouse o seguinte acordo:**

Vista a proposta que presenta o Concelleiro delegado de Deportes e o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública de 24 de xaneiro de 2013, e demais documentos que constan no expediente.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o regulamento de uso das piscinas municipais do Concello de Lalín que conta con trinta artigos e unha disposición final, de data de 21 de xaneiro de 2013.

SEGUNDO.- Expoñer ao público polo prazo de trinta días este expediente, inseríndose anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín.

5.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

5.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA PARA INFORMAR DOS DATOS REAIS DO NÚMERO DE AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS EN LALÍN E DOS IMPORTES TOTAIS DE CADA UN DELES.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 3 de xaneiro de 2013, con entrada municipal o día 16 de xaneiro de 2013 co número de rexistro 348. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de xaneiro de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** expuxo o contido da proposta. Indicou que a raíz da presentación desta moción o grupo de goberno deu varias roldas de prensa cuns datos que non sabían de onde saían, porque non se daban á oposición. Lembrou que deste tema se falou hai varios meses. Daquela se dixo que en Lalín había menos conflitos que noutros concellos afectados. Pero a realidade era que tamén había. Reiterou o que se pedía na moción.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o apoio da súa formación a esta moción. Recordou tamén as mocións presentadas polo seu grupo neste tema, incidindo na necesidade de realizar campañas de información aos posibles afectados. Aínda así, segundo el faltaban explicacións por parte do Concello do que se facía desde aquí e das xestións que se fixeron en defensa dos afectados. Contou un caso que el coñecía persoalmente, de persoas que foron enganadas coa subscripción de obrigas subordinadas a prazo, e logo tras as fusións e refundacións na entidade bancaria, perderon a preferencia e quedaron como obrigas normais e suxeitas á quita anunciada nestes días polo goberno central.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, recoñeceu que había un problema, pola forma pouco ortodoxa de vender estes produtos no mercado aos clientes por parte das entidades financeiras. Amosouse partidario de que desde o Concello se divulgue e se asesore á xente e se lles dea toda a información posible. Apoiaría a moción.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** sinalou que deste tema xa estaba dito todo, tanto en sesións anteriores coma despois de escoitar aos distintos voceiros da oposición. Eles como grupo de goberno compartían gran parte do que se dixo aquí. Había un engano e unha estafa á xente. Estas obrigas non eran un produto bancario normal. Levábase falando disto moito tempo e desde o Concello a OMIC deu toda a información e asesoramento posible aos afectados. A día de hoxe podía afirmarse que houbo trescentas seis consultas, tendo en conta que nos meses de xullo a setembro houbo picos e logo baixou o número de consultas. Ata hoxe devolvéronse cartos a 203 afectados cun total de 3,4 millóns de euros. O servizo estaba aberto e a arbitrase estaba aí. En resumo non ían aceptar a comparecencia solicitada porque xa se estaba a traballar neste tema. Lembrou que desde o Concello sempre se deu información e asesoramento coa OMIC, e mencionou que a vía da arbitrase estaba aí, era efectiva e seguirían a traballar na mesma liña.

De novo **D. Manuel María González Aller** insistiu na petición do seu grupo de recabar información sobre o número de reclamacións presentadas, o total reclamado, as resolucións recaídas en procedemento de arbitrase e as xestións municipais que se fixeron.

D. Román Rodríguez González reiterou que desde o Concello, e a toda persoa que se achegou se lle atendeu e se lle tramitou a súa solicitude, o mesmo que se facía noutros lugares coma en Santiago de Compostela. Sobre as resolucións de arbitrase ditadas indicou que a uns lle devolveron todo; a outros unha parte; a uns con intereses e a outros sen intereses. Había de todo. En total había sobre 1,8 millóns de euros tramitados.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que non entendía os motivos polos que o grupo de goberno se negaba a aceptar a moción, a comparecer e a responder ás preguntas, dando toda a información que tiña, preguntándose se tiña algo que ocultar ou tiña medo de dar outros datos. A situación era de tal gravidade que non admitía medias tintas, poñendo casos de que a algúns afectados lles quitaban agora o 50% do seu importe, poñendo exemplos de persoas analfabetas que asinaron estas obrigas preferentes ou subordinadas, carecendo da mínima información. Non se podía entender isto de non comparecer e dar toda a información dun xeito exhaustivo. Desde o seu grupo dixo non entender a postura municipal desde ningún punto de vista.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** e **D. Román Rodríguez González** repetiron que dese o Concello se deu toda a información e o asesoramento posible, coa OMIC en servizo e unha persoa encargada do mesmo.

Salientou **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** que desde o Concello se daba a mesma información que desde os bancos e entidades financeiras, poñendo o seu caso particular como exemplo.

De novo **D. Román Rodríguez González** volveu sobre o tema, dando números de consultas ata 160 e logo de xaneiro a setembro incrementáronse ata dar un total de 246. Había xente que recuperou os seus cartos; outras non, e había de todo: desde persoas sen unha formación mínima para subscribir estes produtos a outras que eran puros especuladores; a estes últimos non se lles podía apoiar.

Rematou o debate **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** pedindo unha maior implicación e máis interese municipal neste asunto, recordando que en moitos outros concellos os seus alcaldes tiñan loitado xunto cos afectados xa moito tempo e estaban implicados neste tema, algo que botaba de menos neste Concello.

Na moción pedíase a comparecencia da Alcaldía para informar dos datos reais do número de afectados polas preferentes e subordinadas en Lalín (polo menos dos que existan datos no Concello) e dos importes totais de cada un deles, así como para contestar a todas as preguntas que se lle formulen en relación co tema.

Sometida a votación ordinaria a moción e a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

5.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á PUBLICACIÓN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO, DO SOLDADO E OUTROS INGRESOS RECIBIDOS POR ASISTENCIA ÁS SESIÓNS DE DISTINTOS ÓRGANOS DE TODAS AS INSTITUCIÓNS, DE CADA UN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN DE LALÍN ASÍ COMO DOS CARGOS DE LIBRE DESIGNACIÓN.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 21 de xaneiro de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 480. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de xaneiro de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** xustificou a presentación da moción porque estaba dentro do que pedía a lóxica dos tempos, e porque era algo normal en democracia. Consideraba que non había transparencia neste eido no goberno municipal, e que a xente tiña que ter a posibilidade de acceder a estes datos, o mesmo que pasaba en moitos concellos. Nesta páxina web había que publicar todos os datos dos cargos electos que había no Concello e o persoal político cos importes que cobraban dos fondos públicos. Rematou afirmando que esta moción non era orixinal, senón que o seu grupo limitábase a pedir o que xa se facía noutros concellos.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o voto positivo do seu grupo á moción, coa que estaban de acordo.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** sinalou que se abstería porque non o vía claro, entendendo que esa publicidade teríase que demostrar a tempo.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** marcou a posición do equipo de goberno. Coidaba que había que precisar que era o que a moción entendía por cargo público.

Respondeu **D. Manuel María González Aller** no sentido de que había que considerar afectado pola moción a todos aqueles que cobraban cartos públicos pola súa actividade política.

Seguiu a falar **D. Román Rodríguez González**, afirmando que o seu grupo estaba disposto a falar, negociar e a consensuar un modelo de facer públicos estes datos, ao igual que sucedía no Parlamento de Galicia, organismo do que era membro. Por elo pediu ao grupo propoñente que se abrise e negociase sobre o que pedía.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Xosé Crespo Iglesias** entendía que a FEGAMP tiña xa un modelo no que efectuar a declaración. Coidaba que tiña que ser obrigatorio facelo, especificando as actividades públicas e as actuacións privadas. Pensaba que había que ter unha normativa única ou un modelo e un sistema único para todos os concellos galegos. Reafirmou a posición do seu voceiro, de falar e consensuar este tema.

Tanto **D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez como Manuel María González Aller** entendían que agora podía falarse e decidir esta cuestión co grupo de goberno, non atopando motivos para non aprobar a moción.

Na moción pedíase que se publique na páxina web do Concello o soldo e outros ingresos por asistencia a órganos de goberno, informativas, etc. de todas as institucións (concello, deputación, parlamento, padroado, etc) de cada un dos membros da corporación de Lalín así como dos cargos de libre designación.

Sometida a votación ordinaria a moción e a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, e dous (2) do BNG.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

5.3.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DA ALCALDÍA PARA INFORMAR DA BAIXADA DA POBOACION DE LALÍN E A NON COINCIDENCIA DOS DATOS COS DO INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 4 de xaneiro de 2013, con entrada municipal o día 16 de xaneiro co número de rexistro 347. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 24 de xaneiro de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** amosou a preocupación do seu grupo pola baixada na poboación de Lalín, un dos tres concellos que sufriron máis despoboación nestes últimos anos xunto cos de Ferrol e o de A Cañiza. Dixo que ó seu xuízo esta seguiría a baixar, e era importante adoptar medidas políticas para evitar perder a categoría de contar con máis de vinte mil habitantes. Por elo presentaron a moción para previr isto e para coñecer as medidas que tiña pensadas o grupo de goberno, coa finalidade tamén de crear emprego e asentar poboación.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidía na importancia de que Lalín mantivese a súa categoría como concello de máis de vinte mil habitantes. Eles non torpedearían as xestións encamiñadas a conseguir isto. Si lles preocupaba a perda de emprego e de poboación. Había mil persoas en paro no Concello. O aumento e o mantemento da poboación estaba unida ás posibilidades de conseguir emprego; por iso loitando neste ámbito, conseguiríanse resultados naqueles outros. Recordou que o mesmo que pasou coa vivenda, sucedeu co emprego: foi unha especie de burbulla que explotou.

Votarían si á moción, e tamén manifestou que querían saber que medidas adoptaría o grupo de goberno para crear emprego.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** participaba desa preocupación, e salientou que había que adoptar medidas para alonxar o risco de baixar dos vinte mil habitantes. Estaba a favor de adoptar medidas para conseguir isto.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** sinalou que o Sr. Alcalde non ía comparecer. Coincidía co diagnóstico da situación e as causas da mesma que se dixo desde a oposición. O saldo actual da poboación era negativo, as persoas que morrían eran máis que os que nacían, e isto se compensaba co saldo migratorio positivo desde o ano 2001. Este ano houbo unha depuración do padrón de habitantes por motivos técnicos, este foi o motivo. A intención do goberno municipal foi e é a de manter a Lalín na mesma categoría como Concello de máis de vinte mil habitantes. Para elo o seu equipo estaba a traballar nun proxecto que esperaba que estivese listo en dous meses. Había dúas vías para traballar neste obxectivo: identificar ás persoas e logo darlles vantaxes para fixar a poboación. Reiterou que en dous meses esperaban sacar o proxecto, e continuarían a traballar nestas medidas anunciadas. Confiaba tamén en que a situación económica se estabilice e axude.

Lembrou que había moitas persoas que vivían aquí, pero que estaban empadroadas noutros concellos limítrofes. Había que traballar neste eido.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** resaltou as dificultades que había para empadroar de oficio ás persoas, porque estas tiñan a opción de elixir voluntariamente. Referiuse a outros concellos onde esta política de empadroar obrigatoriamente non deu bos resultados, como pasou en Santiago de Compostela. Puxo algúns exemplos do que pasaba nalgúns servizos como sucedía coa práctica de *aeróbic* na que había unha importante porcentaxe de usuarios que non eran de Lalín e argumentou que había que adoptar medidas dentro da legalidade.

Houbo de seguido un debate entre **D. Xosé Crespo Iglesias e D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**. O segundo resaltou a posibilidade que tiña o Concello de ter en conta aos empadroados nos servizos que prestaba; o primeiro, recoñecendo a importancia das mesmas que podían adoptarse e as dúbidas sobre a legalidade dalgunhas delas.

Na moción pedíase a comparecencia da Alcaldía para explicar o por que desta tremenda baixada de poboación de Lalín, porque non coinciden os datos do Concello cos datos revisados polo Instituto Nacional de Estadística (que son os que contan a todos os efectos), se se vai presentar algún tipo de reclamación ante o INE, cales son os datos actuais do Concello, que medidas adoptou e/ou pensa adoptar o Grupo de goberno para intentar inverter esta tendencia así como para contestar ás preguntas que se lle formulen en relación co tema.

Sometida a votación ordinaria a moción e a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

6- ROGOS E PREGUNTAS.-

6.1- ROGOS.-

Presentados de xeito escrito e cuxos contidos se transcribe a continuación:

PSdeG-PSOE:

D^a. Beatriz García Iglesias.

A piscina municipal cuberta de Lalín, aberta no mes de setembro de 2012, presenta na súa curta vida de utilización numerosas deficiencias, que dan lugar a queixas continuadas dos usuarios.

Desde a súa apertura o Concello foi subsanando algunhas destas deficiencias, como a colocación de esterillas e secadores de pelo nos vestiarios, bandeiras no vaso grande e vinilos nos cristais, pero non son suficientes.

Segue sen solucionarse a colocación dun acceso nos vasos para persoas con mobilidade reducida, e sen encontrar solucións para a diferenza de temperatura da auga e do ambiente que existe dependendo dos días.

No recinto interior da piscina aparecen zonas cubertas de mofo, no teito da entrada e nas paredes do pasillo que leva aos vestiarios, tamén no teito dos ventanais do mesmo pasillo e grandes charcos de auga pola condensación ao seu carón.

No exterior da piscina a situación é peor, feito denunciado xa no pleno do mes de decembro de 2012. A parcela que serve de aparcamento presenta un firme de zorra cheo de buratos, converténdose nun lamal cando chove, enterrando as rodas dos vehículos, feito que impide a súa utilización. Ademais de carecer de ningunha luminosidade agás o propio reflexo da luz do interior da piscina ou as luces dos coches.

Xúntanse probas gráficas que demostran ditas deficiencias.

Polo anterior exposto o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno o seguinte ROGO:

Que se proceda de forma inmediata á:

1.- Colocación dun ou máis puntos de luz na zona de aparcamento da Piscina Municipal cuberta.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- Bacheo dos buratos da pista de acceso.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3.- Asfaltado da zona de aparcamento.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4.- Arranxo de todas as deficiencias estruturais do recinto da Piscina Municipal Cuberta de Lalín sinaladas anteriormente e todas aquelas que os propios usuarios solicitan mediante o “buzón de suxerencias” e a “páxina web do Concello”.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D. Cristóbal Fernández Vázquez.

ROGO.- Desde hai algún tempo, pero especialmente desde que comezaron os recortes no alumado público, no casco urbano están aumentando día a día os atropelos. Especialmente nos últimos días, a falta de alumado como xa se dixo, unido á deficiente sinalización horizontal dos pasos de peóns e ás inclemencias climatolóxicas (néboa, choiva e incluso neve) foron causa de numerosos accidentes, ata o punto de que unha axencia de seguros lle confirmaba ao que subscribe que na última semana lle chegaron nada menos que un total de catro partes por atropelos dentro do casco urbano.

Non podemos permitir ningún tipo de recortes en seguridade, neste caso en seguridade vial, especialmente cando hai diñeiro para outras cousas absolutamente menos prioritarias. Polo exposto, fórmulase o seguinte ROGO:

Que se proceda de xeito inmediato a revisar e mellorar as condicións de seguridade dos pasos de peóns do casco urbano, especialmente no que se refire á iluminación, pintado e, no seu caso, eliminación dalgunha praza de aparcamento que impida a visibilidade de peóns desde os coches en circulación e viceversa, e se dean as instrucións oportunas en canto a mantemento para que as condicións de seguridade dos pasos de peóns do casco urbano de Lalín sexan as mellores posibles.

O Sr. Presidente quedou enterado.

P.G.D

D. Camilo Conde López.

ROGO.- Ante as consecuencias "...a crise económica puxo en evidencia a insostibilidade do modelo laboral español. Os problemas do mercado de traballo, lonxe de ser conxunturais, son estruturais que requiren unha reforma de envergadura; ... continua sendo reclamada por todas as institucións económicas mundiais e europeas...que contemplan a situación do noso mercado de traballo con enorme desasosiego e, sobre todo, polos datos da nosa realidade laboral, que esconden verdadeiros dramas humanos. As cifras expostas poñen de manifesto que as reformas laborais realizadas nos últimos anos, inda que ben intencionadas e orientadas na boa dirección, foron reformas falidas. A gravidade da situación económica e do emprego descrita esixe adoptar unha reforma que proporcione aos operadores económicos e laborais un horizonte de seguridade xurídica e confianza no que desenvolverse con certeza para conseguir recuperar o emprego...". Tal é a constatación que fai o propio REI DE ESPAÑA no preámbulo que precede á Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Situación que o propio GOBERNO DE ESPAÑA solicita da colaboración do pobo, en demanda de ideas que poidan axudar a paliala.

Recollendo esta situación e demanda, desde a miña humilde condición, máis de cidadán que de político, entendo que se impón a adopción de medidas estratéxicas e intelixentes que combinando dentro da legalidade, propicien efectos beneficiosos á economía e ao emprego cando menos para os parados perceptores do desemprego e que se traduzan nos seguintes efectos:

a) Mellora da tesourería das empresas empregadoras (pago único a favor das mesmas). Isto non suporía maior custo para o fondo de desemprego. Máxime se consideramos a nula ou case nula accesibilidade a préstamos.

b) Mellorar as condicións económicas do traballador ao deixar de ser desempregado e pasar a ter un salario que debería superar o que viña percibindo como desempregado e garantir un período maior de permanencia. Circunstancia que tamén favorecería ao comercio ante un maior poder adquisitivo do traballador.

c) Tamén se favorecería a recadación da Tesourería da S.S. xa que a empresa pasaría a cotizar, inda que fose con bonificacións para que a empresa minore custos e poida facerse máis competitiva.

Entendo que as vantaxes son evidentes e tan sinxelo que o seu desenrolo debería de ser viable: Non esquezamos os miles de millóns consumidos polos desempregados para deficitariamente vivir, podendo telos reciclado a favor das empresas.

No relativo aos excedentes de emprego nas diferentes administracións, deberíanse evitar os despedidos e as reducións salariais xa que isto danaría inda máis a economía ao reducirse o poder adquisitivo destes colectivos. Neste sentido apostaría por traspasar eses excedentes á empresa privada, compartindo gastos durante certo tempo. Depositar as indemnizacións en bancos, previa pignoración a favor dos traballadores cedidos, xa que non serían despedidos, o que garantiría as

indemnizacións e que o novo empregador só teña que asumir a parte que lle corresponda. Por outra banda os bancos depositarios obrigaríanse a destinalos a préstamos brandos ás empresas. Froito destas accións estaríase a dotar de menores custos laborais ás empresas facéndoas máis competitivas, as administracións minorarían parte dos custos, e os bancos veríanse favorecidos. Como soemos dicir os galegos “traballemos con sentidiño”.

Por todo o exposto ROGO ao Pleno da Corporación Municipal que, a través dos medios que considere máis axeitados, traslade estas suxerencias a todos os Ministerios aos que competa, así como ao propio GOBERNO DA NACIÓN e demais portavoces políticos do CONGRESO, sen esquecerse do propio REI DE ESPAÑA, para a perfección e desenrolo, e facer posible a aplicación das medidas que se pretenden, salvo mellores opcións. Con respecto e consideración, desde Galicia antepoño a miña total disposición e desexo de poder ser útil aos intereses de España e dos españois.

O Sr. Presidente quedou enterado.

Presentados de xeito oral durante a sesión.

B.N.G.:

D. Xesús Cordeiro Budiño:

ROGO.- Que non se nomee tal e como se ten previsto facer nesta XIXª edición da Feira do Cocido, Comendador do Cocido ao actual Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, tendo en conta que é o responsable da actual política educativa contra o idioma galego.

Responden o Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias afirmando que, cando cambiou o actual equipo na Xunta de Galicia do goberno bipartito ao PP, había moitos expedientes de construción de centros educativos que carecían de cobertura orzamentaria e que quedaron en suspenso. A pesar disto, o actual conselleiro fixo todo o posible para que a construción do novo colexio Xesús Golmar de Lalín non se caera co resto das obras, e seguira adiante. Polo tanto coidaba que estes eran méritos máis que sobrados para mantelo como proposto a Comendador do Cocido.

6.2- PREGUNTAS.-

Presentadas de forma escrita.

PSdeG-PSOE

Dª. Beatriz García Iglesias.

En relación ao persoal das Piscinas Municipais do Concello de Lalín:

1.- ¿Cantas persoas traballan na empresa?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- ¿Cal é a función de cada un deles?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3.- ¿Que cualificación técnica ten cada un dos traballadores?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

4.- ¿É axeitado o posto de traballo para a titulación ou preparación de cada traballador?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

5.- ¿Que tipo de contrato presenta cada traballador (fixo ou indefinido, fixo discontinuo ou temporal)?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

6.- ¿A que grupo profesional pertence cada un dos traballadores atendendo á clasificación que se recolle no I Convenio de Instalacións Deportivas e Ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

Presentadas de xeito oral durante a sesión:

D. Manuel María González Aller:

En relación coa situación da instalación do Lalín Arena e das peticións efectuadas con anterioridade por este grupo político para esixir á empresa que proceda á reparación de varios desperfectos entre eles as goteiras, tendo en conta que a concesión é durante corenta anos, e había que mirar se a construción se fixo conforme ao proxecto:

1.- PREGUNTA.- ¿Cando van ir os técnicos municipais, os mesmos que foron cando estivo rematada a instalación e con celeridade, para examinar as goteras (pingueiras) que hai na instalación do Lalín Arena?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- Tendo en conta que hai unha quinta provincia galega e que ao Sr. Crespo lle gusta traer a Lalín a persoas relevantes, tendo en conta que o ano pasado veu o Sr. Conde Roa á Encomenda do Cocido de Lalín:

¿Vaise facer Comendador do Cocido ao actual Alcalde Santiago de Compostela, seguindo a liña ou imitando así o que se fixo no ano anterior?

O Sr. Alcalde-Presidente afirmou sobre a pregunta do voceiro socialista que o Sr. Conde Roa non foi comendador do Cocido, senón que foi invitado a esta festa na pasada edición. Si que eran comendadores do Cocido O Sr. Sánchez Bugallo, anterior Alcalde de Santiago de Compostela e o Sr. Jesús López Orozco, actual Alcalde de Lugo.

D^a Beatriz García Iglesias:

PREGUNTA.- ¿Como vai a redacción da ordenanza medioambiental?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

E, sendo as doce horas e oito minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente